



ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL CALIFICADOR PARA A SELECCIÓN DE PERSONAL LABORAL, 1 ARQUITECTO/A TÉCNICO/A DO CONCELLO DE PONTECESURES

En Pontecesures, a sete de marzo de 2025, reunido as 11 h. na Casa do Concello de Pontecesures o tribunal calificador designado por decreto de alcaldía nº 2025-0158 que se compón e está constituído da seguinte maneira:

Presidente: Carlos Besada Ferreiro, arquitecto do Concello de Pontecesures.

Secretario: José Rodríguez Fructuoso, técnico de emprego do Concello de Pontecesures.

Vogais:

- Consuelo Ordoñez Martínez, traballadora social do Concello de Pontecesures.
- Francisco Freiría Oliveira, técnico de xuventude do Concello de Pontecesures.
- M^a Ángeles García Villaverde, secretaria do Concello de Pontecesures.

Estableceuse primeiramente as probas a realizar polos aspirantes, consistentes na resolución dun test de coñecementos teóricos e unha proba práctica segundo as bases aprobadas por resolución de alcaldía 2025-0128.

Iniciado o acto procédese a realizar as correspondentes probas entre as 2 persoas candidatas que, de conformidade coa oferta remitida pola oficina de emprego de Vilagarcía de Arousa, tiñan achegada a solicitude de participación ao proceso selectivo, presentáronse:

Andrea Carrasco Barrientos, e Carlos Alberto Vazquez Amorin.

Seguidamente o aspirante procedeu á realización das 2 probas propostas polo tribunal: un test de coñecementos teóricos e unha proba práctica. Realizado o test polos aspirantes, as puntuacións de ambos candidatos foron:

NOME E APELIDOS	TEST
ANDREA CARRASCO BARRIENTOS	9.50
CARLOS ALBERTO VAZQUEZ AMORIN	13

Tal e coma se recollía nas bases, e posto que a nota de corte para superar esta proba é dun 25 na proba do test, o tribunal declarou a ambos aspirantes coma NON APTOS, polo que xa non valorou o caso práctico realizado a continuación por eles.

Así, os membros do tribunal acordan:

1º.- Declarar deserto o proceso selectivo, para que se solicite un novo listado de candidatos/as preseleccionados pola oficina de emprego, ou se renuncie á contratación deste posto de traballo.



CONCELLO DE PONTECESURES (PONTEVEDRA)

2º.- Elevar a proposta ante a Alcaldesa-Presidenta.

E non sendo outro o obxecto da sesión sendo as catorce horas do venres sete de marzo de dous mil vinte e cinco, o presidente levanta a sesión, e para a súa proba, expídese este documento, que consta de dous folios, sendo asinado por todos os membros do Tribunal comigo o Secretario, do que dou fe.

Asdo.- Consuelo Ordoñez Martínez

Asdo.- Carlos Besada Ferreiro

Asdo.- Mª Ángeles García Villaverde

Asdo.- José Rodríguez Frutuoso.



Asdo.- Francisco Freiría Oliveira